

Ola ós ceramistas do Navalón e as súas familias!

Nos toca vivir unha etapa de confinamento polo noso ben e polo ben dos demais. Cumprir ca nosa responsabilidade, acortará o momento en que todo esto termine.

Non estamos de vacacións, polo que tentaremos organizar algunhas actividades sinxelas a través da nosa web para que non desconectedes da cerámica dende as vosas casas. Non é doado traballar con barro na casa, pero si tedes plastilina ou podedes conseguila, poderedes facer algunhas prácticas, para non perder as mañas...E xa sabedes o noso lema: "Os ceramistas nunca se rinden!!!"

Imos dividir as informacións en catro bloques:

1.- Un pouco de historia.- Aquí veremos vídeos sobre diferentes épocas, evolucións e logros en diferentes civilizacións ó longo da historia. Imos empezar por polo Neolítico para comprobar como a cerámica acompañou ó home sempre nos seus avances científicos e sociais.

<https://www.youtube.com/watch?v=TbfkpwMNAWI> *Del Neolítico a los Iberos UNED*

<https://www.youtube.com/watch?v=Ce91kPBMoPY> *Procesos cerámica UNED*

Nestos vídeos podedes recoñecer algúns procesos e técnicas decorativas que temos utilizado na clase, e como "tutorial " podedes seguir o seguinte enlace. Con sorte, podedes practicar en casa con plastilina... o cun pouco de barro caseiro!

<https://www.youtube.com/watch?v=kmtgtTHG64s> *Arqueología experimental Neolítica*

E si queremos saber máis... poñédevos cómodos e si tedes, unhas palomitas para ver comodamente este documental, no que poderemos aprender sobre os tipos de fornos, que foron evolucionando, entre outras cousas curiosas.

<https://www.youtube.com/watch?v=RWez7qLHf0w> *Arqueología /Carlos Jimeno*

2.- Olería galega- Os nosos mestres oleiros .- Presentaremos diferentes centros oleiros e coñeceremos ós seus protagonistas. Servirá para repasar e profundizar en tipoloxías (formas, usos, nomes) que estábamos empezando a recoñecer. Caderno e boli para apuntar os nomes que vaiades aprendendo... Empezaremos ca máis primitiva das nosas olerías, con torno baixo impulsado a man: Gundivós no municipio de Sober (Ourense). Coñeceremos a un dos eus grandes maestros (Agapito, hoxe xubilado) e a un dos dous actuais oleiros (Elías) que manteñen viva esta tradición, imprescindible para entender a nosa cultura.

<https://www.youtube.com/watch?v=ddhatbSgJHQ> *Gundivos -Agapito*

<https://www.youtube.com/watch?v=h7H1jQGxs-Y> *Gundivós – Elías*

3.- Cerámica industrial.- Aquí nos achegaremos á produción industrial en cadea, procesos e tipos de produtos. Empezando por Sargadelos, cunha produción de porcelana de alta calidade, e empresa emblemática na nosa comunidade. Nun cuaderno podedes ir apuntando o nome de cada proceso que se vai facendo ata a peza final. Atentos que xa coñecedes moitos!!

<https://www.youtube.com/watch?v=u8bCVSUU1aQ> *Sargadelos:: Proceso*

4.- Técnicas cerámicas y ceramistas contemporaneos. – Aquí veremos diferentes formas de elaborar e de decorar as pezas, feitas por diferentes mestres e ceramistas profesionais contemporáneos.

Imos empezar por unha técnica chamada NERIKOMI, que xoga co contraste de cores de diferentes pastas. Nos poderíamos facer pastas de cores no colexio si engadimos pigmentos a porcións de pasta branca, ou sie mistutamos pasta de buño e pasta branca en diferentes proporcións. Pero dende a casa, podedes xogar ca plastilina de direntes cores. Olo!! Non utilicedes moitas cantidades, porque logo para reutilizala, quedará unha cor única na plastilina utilizada. Empezade por exemplos sinxelos, e ... sorte cos vosos deseños!! Á volta quero exponer fotos dos vosos traballos

<https://www.youtube.com/watch?v=401SkDvDQ3E> *Neriage/Nerikomi*

<https://www.youtube.com/watch?v=j5ZZEDxHgw8> *Neriage/Nerikomi*

<https://www.youtube.com/watch?v=CrRWdLibCh4> *Neriage/Nerikomi*

Podedes ver un montón de exemplos de grandes artistas que traballaron con esta técnica neste enlace... e elexir os teus favoritos:

<https://www.pinterest.es/drope110185/nerikomi/>

E como exemplo colorista con arcilla polimérica, que endurece sen necesidade de cocerse e NON é cerámica:

<https://www.youtube.com/watch?v=BRyKg39qUDY> *Arcillas polimericas/no cerámica*

Mans á obra e atención ós videos!!!

Eu tamén me quedo en casa... pero non nos esquencemos!!!

Un abrazo, rapaces!!